

VIAXEIROS  
(Xentes de Alfredo Erias)

Extensión erma.  
Chegan visitantes polas portas do vento.  
Falan as cadeiras vacías.  
Un xinete enloitado impasíbel avanza.

Devalan as bandeiras  
na baixamar da lúa.

Ídolos perdidos,  
sobre da area húmida  
silenciosos velan.  
Quixéranse semente ou lume,  
orballo irisado...  
¿Cómo retratar ausentes?

Transparencia,  
forma de brisa, perfil de pomba,  
limpo susurro de onda.

Música antiga do mar  
nas osamentas...  
Outras persoas, outros seres  
dos que nada coñezo.  
Pasaxeiros da eternidade,  
habitantes do olvido.

Silente clamor ardoroso.  
A resaca, o límite, o desexo.  
A mesma pomba xirando as azas,  
o golpe das azas enliando estancias.  
Os mesmos seres,  
corpos no cilicio.

A nocturna compañeira  
antes da alba. Despedida.  
Óxido que nos habita.  
Isto é o que fomos,  
pegada esluída nunha praia  
remota;  
isto o que somos,  
pedra que se esfarela,  
area, vasos de nostalxia.

Indefinido espazo,  
limbo quieto sen enigma  
e sen certeza.

Fugaz é o tempo,  
o seu resplandor efémero.  
Abandonámonos. Perdémonos.  
Viaxeiros.  
A barca, a garganta, o sono.

XULIO L. VALCÁRCEL  
*25 de setembro de 2005*